

# REGULAMENTO PARA A ELECCIÓN DO CONSELLO DAS MAREAS E DA COMISIÓN DE GARANTÍAS

## ARTIGO 1. OBXECTO

1. O presente Regulamento ten por obxecto regulamentar o proceso de elección do Consello da Marea, así como o da Comisión de Garantías, contemplado no documento de Organización Interna aprobado na Marea Constituínte do 30 de Xullo de 2016.

2. O Regulamento foi elaborado pola Comisión de textos, remitido ao Consello das Mareas do día 11 de outubro para a súa tramitación de aprobado polo Plenario de En Marea do 27 de outubro de 2018.

## ARTIGO 2. CALENDARIO ELECTORAL

O calendario para a elección do Consello das Mareas e da Comisión de Garantías será o seguinte:

- Sábado 27 de outubro: Celebración do Plenario no que se aprobará o Regulamento.
- Martes 20 de novembro, 10:00 horas: Apertura do prazo de presentación de candidaturas.
- Venres 23 de novembro, 23:59 horas: peche do prazo de presentación de candidaturas e do censo para a elección do Consello das Mareas e da Comisión de Garantías
- Sábado 24 de novembro : proclamación provisional das candidaturas e apertura do prazo de 24 horas desde a súa publicación para a subsanación de erros e/ou presentación de reclamacións
- Luns 26 de novembro: resolución de reclamacións por parte do comité electoral e proclamación definitiva de candidaturas.
- Martes 27 de novembro, 00:00 horas: Inicio da campaña electoral.
- Venres 30 de novembro, 23:59 horas: remate da campaña electoral.
- Sábado 1 de decembro, 09:00 horas: inicio do período de votación nas eleccións ao consello das mareas e á Comisión de Garantías.
- Luns 3 de decembro, 09:00 horas: remate do período de votacións.
- Luns 3 de decembro: proclamación provisional de resultados e apertura dun prazo de 48 horas para reclamacións.
- Mércores 5 de decembro: proclamación definitiva de resultados e das persoas integrantes do Consello das Mareas e da Comisión de Garantías.
- Sábado 15 de decembro: Constitución do Consello das Mareas.

## ARTIGO 3. DEREITO AO VOTO

1. Terá dereito ao voto toda persoa maior de 18 anos inscrita en EM á data -do-peche do censo, é dicir, ás 23:59 do día 23 de novembro

2. O censo de EM é a plataforma Medrando, para estar na mesma, como se ven practicando, todas as persoas deberán ter probado que residen ou residiron en Galicia mediante algún dos seguintes documentos: DI con enderezo en Galicia, certificado ou volante de empadramento ou factura de fornecementos (auga, luz ou teléfono) onde consten o nome do titular e o enderezo. No caso das persoas migradas será preciso un documento que os identifique e o momento de chegada ao seu actual lugar de residencia (a inscrición no CERA)

3. En Marea obrígase a garantir o segredo do voto e ao cumprimento da Lei Orgánica de Protección de Datos de Carácter Persoal.

#### **ARTIGO 4. CENSO**

1. O censo de votantes para Eleccións Directas Internas é o censo de EM, a plataforma Medrando, actualizado ate as 23:59 do día 23 de novembro.

2. O censo que se empregará para exercer o voto estará baixo a supervisión e control do Comité Electoral, quen designará de entre as súas integrantes a tres persoas que de maneira mancomunada podan acceder ao mesmo e para este único fin.

3. Os posibles erros técnicos na inscrición de En Marea serán subsanados polo Comité electoral, que garantirá que toda persoa que demostre a súa vontade e intención de estar inscrita no censo de En Marea, de acordo co prazo fixado, poida participar a través do censo de votantes para Eleccións Directas Internas.

#### **ARTIGO 5. CANDIDATURAS AO CONSELLO DA MAREA**

##### **1. Requisitos para presentar unha candidatura:**

##### **a) Requisitos colectivos como candidatura:**

1. As candidaturas estarán conformadas como mínimo por tantas persoas como postos a cubrir (35) máis un número indeterminado de suplentes ata un máximo de 35.

2. As candidaturas irán ordenadas de xeito prelado e en cumprimento do criterio de xénero, segundo o sistema denominado cremalleira

3. As candidaturas garantirán o equilibrio territorial de xeito que en cada tramo de 8 persoas terá que haber como mínimo 1 persoa candidata de cada unha das 4 provincias.

4. As candidaturas deberán estar en posesión dos avais establecidos no presente Regulamento.

5. As candidaturas deberán presentar xunto coa lista de candidatas un documento político que conteña unha proposta de liñas de actuación no Consello. Sempre no marco **dos acordos políticos dos Plenarios e os principios da Marea Constituínte**, que incluírá as liñas relativas aos traballos a desenvolver pola organización con proposta dun horizonte temporal para a súa realización.

6. As candidaturas presentarán xunto co resto da documentación a súa denominación e imaxe gráfica. A denominación evitará incluír o nome de calquera marea municipalista ou organización política.

7. As candidaturas designarán, no intre da súa presentación, unha persoa que exercerá as labores de representante xeral da mesma diante do comité electoral. Esta persoa será o interlocutor único co comité electoral e o enderezo de e-mail coa que esta persoa está rexistrada en En Marea, a única canle de comunicación.

#### **b) Requisitos individuais das persoas candidatas**

Para formar parte dunha candidatura as eleccións ao consello das mareas, as persoas candidatas terán que estar en posesión dos seguintes requisitos no intre de se rexistrar a candidatura:

1. Estar inscrita no censo de EM ás 23:59 do 23 de novembro data fixada para o peche do prazo de presentación de candidaturas e do censo para a elección do Consello das Mareas e da Comisión de Garantías.

2. Manifestar por escrito un compromiso de cumprimento do Código Ético e dos Principios e Documentos de En Marea.

3. Cumprimentar o formulario de aceptación da súa inclusión na candidatura.

4. Asinar unha declaración xurada de non estar incurso en ningunha das causas de exclusión.

5. Manifestar por escrito un compromiso de renuncia a calquera cargo que sexa considerado incompatible no caso de seren electa membro do Consello da Marea ou da Comisión de Garantías. Renuncia que terá que ser efectiva antes da constitución do Consello das Mareas ou da Comisión de Garantías.

#### **2. Criterios de exclusión**

##### **a) Criterios de exclusión das candidaturas no seu conxunto:**

1. Serán excluídas todas as candidaturas que non cumpran cos requisitos esixidos en todos os puntos do apartado 5.I do presente Regulamento e non subsanen en tempo e forma os erros detectados polo Comité Electoral.

2. Serán excluídas aquelas candidaturas cuxo documento político contradiga de xeito explícito os principios políticos de En Marea, así como o Código Ético aprobado pola Marea Constituínte do pasado 30 de Xullo de 2016.

3. Serán excluídas aquelas candidaturas cuxa denominación ou imaxe gráfica conteña referencias a calquera organización política ou marea municipalista ou ao conxunto de En Marea.

#### **3. Incompatibilidades**

Considérase como incompatibilidade para a participación no proceso de elección ao Consello das Mareas o seguinte suposto:

- Non poderán concorrer as eleccións para o Consello da Marea aquelas persoas que formen parte do comité electoral ou concorran ás eleccións para a Comisión de Garantías

## **ARTIGO 5. B. CANDIDATURAS Á COMISION DE GARANTÍAS**

Segundo o aprobado no documento de Organización Interna aprobado na Marea Constituínte do 30 de Xullo de 2016, a Comisión de Garantías:

- É un órgano colexiado composto por cinco persoas elixidas polo Plenario para un mandato de tres anos.
  - Deberá cumprir coa paridade de xénero.
  - Terán incompatibilidades absolutas e non poderán repetir mandato.
  - Plenario poderá revogar a algunha destas persoas por perda da confianza nela.
  - En ningún caso actuarán de oficio, senón a instancia de parte.
  - Será o garante e o intérprete da normativa interna e dos acordos plenarios.
  - Os seu réxime xurídico deberá desenvolverse nunha normativa específica.
2. Poderá presentarse calquera persoa inscrita que cumpra as condicións e réxime de incompatibilidades xerais, e as específicas, establecidas neste regulamento na data de peche das candidaturas ao Consello e á esta Comisión de Garantías.
  3. Deberá presentarse acompañada de dúas persoas suplentes
    - a. Para esta elección será de aplicación por analogía á do Consello todo aquilo que non estea especificamente estipulado neste regulamento

## **ARTIGO 6. AVAIS PARA PRESENTARSE ÁS ELECCIÓNS DO CONSELLO DA MAREA E DA COMISIÓN DE GARANTÍAS**

1. Terán a condición de avalistas todas as persoas inscritas no censo de En Marea nas condicións recollidas no presente Regulamento na data de peche de presentación de candidaturas.
2. Cada avalista poderá avalar unha única candidatura e non poderá formar parte, quer como titular, quer como suplente de ningunha candidatura.
3. Os avais deberán ser formalizados empregando o formulario oficial e entregaranse acompañados do DI da persoa avalista escaneado.
4. Correspóndelle ao Comité Electoral validar os avais entregados en tempo e forma segundo establece o presente Regulamento.
5. No caso de que o Comité Electoral detecte que unha mesma persoa avala a máis de unha candidatura, comunicarllo á representante xeral da candidatura por correo electrónico, ao tempo que se fai pública a relación de candidaturas, debendo a representante xeral corrixir o erro antes da proclamación definitiva.
6. Para presentar unha candidatura, deberanse reunir 20 avais.

7. Os avais, xunto co resto de documentación entregada polas candidaturas, serán custodiados polo Comité Electoral.

8. O Comité Electoral porá a disposición de todas as inscritas os formularios oficiais correspondentes, que deberán ser presentados, logo de ser cumprimentados, a través do enderezo electrónico **eleccionconsello@enmarea.gal** dentro do prazo de presentación de candidaturas.

## **ARTIGO 7. VOTACIÓN**

1. A circunscrición para a elección do Consello da Marea e da Comisión de Garantías é a nacional.

2. A persoa electora deberá votar unicamente a unha das candidaturas que se presenten.

2.b. Para a Comisión de Garantías a persoa electora poderá votar ate a 5 persoas con cadansúas suplentes.

3. O voto poderá exercerse baixo dúas modalidades, presencial ou a distancia:

- Presencial: o voto será telemático, de maneira privada ou de maneira asistida, nun espazo adaptado a tal efecto no que se votará a través dun computador. O Comité Electoral intentará que existan mesas presentes no maior número de concellos posíbeis, en función da dispoñibilidade de locais, días e horas. A ubicación das mesas comunicárase a través da web antes das xornadas de votación. Cada mesa contará cun mínimo de tres persoas designadas polo Comité Electoral para garantir a limpeza do proceso e facilitar a votación, sen que en ningún caso poidan orientar de calquera xeito o sentido do voto. As persoas que desexen exercer o dereito a voto deberán acreditar a súa identidade na mesa electoral.

- A distancia: as persoas electoras que prevexan non poder exercer presencialmente o seu dereito ao voto, poderán emitilo na modalidade telemática a distancia habilitada a tal efecto.

4. A maiores das condicións de seguridade que oferta a ferramenta telemática, o Comité Electoral velará pola seguridade do proceso.

## **ARTIGO 8. SISTEMA DE RECONTO E PROCLAMACIÓN DO CONSELLO**

1. O sistema de recuento será proporcional puro entre as distintas candidaturas que concorran, de tal xeito que serán proclamadas electas as persoas que ocupen, segundo a orde da lista presentada, os postos que a cada candidatura lle correspondan conforme ao reparto proporcional puro, mediante unha regra de 3 simple, por tanto sen corrección favorecedora das listas máis votadas en detrimento das minorías, tendo en conta os ditames xa emitidos pola Comisión de Garantías e segundo a seguinte fórmula:

*Representantes electos de cada candidatura* =  $\frac{\text{Votos válidos candidatura}}{35}$

### *Votos válidos totais*

Os representantes asignaranse cos enteiros, correspondendo o resto dos postos ás candidaturas que teñan maior parte decimal ate que se completen os 35. No caso de empate escollerase a persoa de xénero feminino, no caso de persistir á que teña maior antigüidade como inscrita, de persistir, á de maior idade e se se mantén o empate por sorteo.

2. O Consello resultante desta votación deberá respectar na súa composición que cando menos 18 das súas integrantes sexan mulleres. No caso de que, conforme ao sistema de recuento, o resultado das votacións non reflecta esta composición, aplicarase un sistema de corrección do seguinte xeito: serán substituídas as últimas persoas escollidas de cada lista pertencentes ao xénero masculino pola seguinte muller da lista, tendo que comezar a corrección pola candidatura, das sobre-representadas, que obtivese un menor número de votos e a seguido polas seguintes en orde de menor a maior. Esta corrección non se aplicará se a resultante é un meirande número de mulleres.

2.B. Para a Comisión de Garantías resultarán elixidas as 5 persoas, cas súas suplentes, que obteñan maior número de votos ordenadas correlativamente de maior a menor. Aplicarase a corrección de xénero en caso de resultaren elixidas menos de 3 mulleres.

3. Os resultados provisionais serán publicados na páxina web o luns 3 de decembro, abríndose un prazo de 24 horas dende a publicación para as reclamacións, que serán resoltas polo Comité Electoral.

4. Os resultados definitivos serán proclamados en sesión pública o mércores 5 de decembro, expedindo o Comité Electoral a credencial de nomeamento de cada unha das 35 persoas electas para o Consello da Marea.

5. O Consello da Marea reunirse en sesión constituínte o sábado 15 de decembro, as 11:00 horas.

4. A Coordinadora Nacional será elixida polo Consello de Mareas atendendo a que como mínimo a metade máis unha das súas integrantes sexan mulleres

5. A Coordinadora Nacional distribuirá as súas responsabilidades de entre os seus membros atendendo ás necesidades políticas, organizativas e comunicacionais de EN MAREA. Tendo en conta os regulamentos de funcionamento aprobados

### **ARTIGO 9. O COMITÉ ELECTORAL**

1A. O Comité Electoral está formado por 13 persoas elixidas polo Plenario celebrado o 27 de outubro de 2018.

1B. O sistema de elección será o de lista aberta e votación secreta a celebrar presencialmente no Plenario do 27 de outubro, cubrindo os 13 postos as persoas que acaden maior número de votos, aplicando a corrección de xénero para que o mesmo estea composto por un mínimo de 7 mulleres. Cada persoa inscrita poderá votar 10 persoas, 5 mulleres e 5 homes como máximo. A concorrencia por tanto será a título individual, se ben diferentes persoas candidatas poderán agruparse baixo un lema común que aparecerá acompañando o seu nome. Tal lema non poderá facer referencia a ningunha organización política ou marea municipalista.

1C. A Mesa do Plenario do 27 de outubro de 2018 presidirá o proceso de elección e a

proclamación do Comité Electoral ao remate do Plenario, publicándose a súa composición na web de En Marea.

1D. A presentación de candidatas rematará ao final da xornada de mañá do Plenario do 27 de outubro, procedéndose á votación durante a xornada da tarde ate media hora antes do acto de clausura, momento no que se procederá ao recuento e proclamación do Comité Electoral elixido.

2. As persoas que formen parte do Comité Electoral non poderán ser candidatas no proceso, nin formar parte do Consello das Mareas saínte ou da Comisión de Garantías, nin facer campaña, exercer como avalistas, solicitar o voto para ningunha candidatura ou animar á abstención ou a participación. A non observación desta norma implicará a expulsión permanente desa integrante ou integrantes do comité electoral.

3. O Comité Electoral terá as seguintes atribucións durante o desenvolvemento do proceso electoral:

- Garantir o cumprimento deste Regulamento.
- Poñer ao dispor das persoas interesadas os formularios correspondentes para todos os trámites necesarios para o proceso.
- Garantir a igualdade de oportunidades.
- Aprobar e proclamar as candidaturas presentadas.
- Resolver as distintas queixas, denuncias e irregularidades que se presenten durante o proceso. A este respecto o seu acceso ao censo debe ser coherente con este mandato, en consecuencia: O comité terá acceso ás fichas obxecto de reclamación. As persoas responsábeis do censo serán as encargadas de lles dar ese acceso cando proceda sempre respectando a lexislación vixente de protección de datos.
- Revisar os avais e a documentación acreditativa da identidade e residencia das persoas censadas.
- Elaborar un documento de consideracións e recomendacións dos límites para levar a cabo a campaña electoral, que será de obrigado cumprimento por parte das candidaturas
- Designar e formar as persoas que actuarán como asistentes e interventoras durante o proceso de votación telemática asistida, quedando excluídas as persoas que formen parte dalgunha candidatura.
- Validar ou anular os avais presentados.
- Validar ou anular as candidaturas presentadas.
- Elaborar resolucións a respecto dos conflitos e queixas que se podan producir nas inscricións, o contidos dos avais e candidaturas.
- Interpretar baleiros do presente regulamento.

- Realizar a corrección de xénero e territorial sobre o resultado final.

4. O Comité Electoral adoptará as súas decisións por consenso. No caso de non existir este, por maioría de 2/3 e, de non acadarse esta, por maioría simple; tendo que quedar reflectidos en acta os resultados de cada votación.